



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 3 de xaneiro de 2020**

1. Apróbase a acta da sesión ordinaria anterior, de data 26/12/2019.
2. Dáse conta da resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se concede ó Concello de Marín unha subvención por importe de 12.257,70 euros, equivalente ó 33 % dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, derivados da contratación de 1 axente de emprego e desenvolvemento local por período dun ano.
3. Dáse conta das bases reguladoras do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan concellos) 2020.
4. Dáse conta das bases reguladoras de subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais destinados a Concellos de Galicia para o ano 2020, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
5. Dáse conta das bases reguladoras das axudas para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia para o ano 2020, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
6. **Rogos e preguntas.** Non se formulan

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia o seguinte asunto:

1. Apróbase o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, dos servizos para a dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das obras comprendidas no proxecto "Mellora da mobilidade na Avenida de Ourense. Concello de Marín", no marco da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) Marín 2020, cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), dentro do eixo 12 do programa operativo plurirrexional de España (POPE) 2014-2020.

A ALCALDESA,
María Ramallo Vázquez.

